

**Marcia Vázquez (1994). Bailarina, creadora e xestora cultural viguesa.**

Comeza na danza pola cultura urbana con importantes referentes como Karol Galindo e Diana Ballesteros. En 2015 é premiada como Bailarina Revelación por Faro Urbano. Obtén diversos premios en batallas de freestyle. Realiza labores de pedagogía na Escola Media Punta, Vigo.

En 2016 forma parte do colectivo Beehive. Proxecto escénico de cultura urbana con crítica feminista. Forma parte do elenco de Sandrine Lescourant no Porto, dentro da residencia Laboratory.

En 2017 decide decantarse polo estudo e práctica da danza contemporánea, comezando con Olga Cameselle. No mesmo ano nace o colectivo Grupo F coa peza *Campo de Batalha*. Fílmase tamén *Mandíbula*, videoensaio xunto a Diego Pazó.

En 2018 participa na curtametraxe *Tempo en Loita*, videodanza pola premiada Lucía Estévez. Á súa vez, forma parte do elenco de *La Partida* no Festival Corpo(a)Terra dirixida por Vero Cendoya. Nese mesmo ano nace O *Lavadoiro* xunto a Eva Comesaña, performance de rúa que xira durante dous anos por Festivais Transfeministas en Galicia e Portugal.

En 2019 é **bolseira pola Rede Acieloabierto en Itinerarios Formativos, convidada por festivais do estado**. Forma parte do elenco de *Gran Bolero* no Festival Corpo(a)Terra por Jesús Rubio. En 2020 nace *Cardumen* xunto a Ignacio García, peza coa que gañan o 3º premio do Xuventude Crea

Formou parte da 3a e 4a xeración da **Faktoria Coreographic Centre**, formándose con mestres internacionais do máis alto recoñecemento: David Zambrano, Laura Arís, Mark Tompkins, Thomas Häuert, Judith Sánchez, Marta Coronado, Isael Cruz Mata, Daniel Abreu...

En 2021 estrea en Corpo(a)terra ***Onde pousa a humidade***, premiado no DZM de Cáceres. **Seleccionado no Festival Internacional MASDANZA 2022**. Este solo percorre toda a península en distintos festivais de rúa.

Durante a súa formación, é intérprete da creación **Nébula de Marta Coronado**, do **site-specific In Perspective** de Laida Aldaz e de **Nosotrxs** de Daniel Abreu.

En 2022 embárcase no seu solo para sala **VAIVÉN**, a través das **Residencias Paraíso**. A súa estrea está programado para o **12 de maio no Teatro Rosalía Castro**. Á súa vez, forma parte do **videodanza** e peza **Uholdeak** en Navarra, seleccionado en varios festivais de cinema e en museos como o Guggenheim. Tamén forma parte do dúo **Bipedestrucción con diversas residencias en 2023**.

Por outra banda, estuda un **dobre Máster en Xestión Cultural e Proxectos de Lecer**, coordinando eventos artísticos como o Festival 85C, Cíclicka, Noite Branca viguesa, Macarena War e, na actualidade, o **Festival de danza ESCORA** pola Deputación da Coruña.


**Marcia é unha artista inseparable á súa reivindicación persoal, corpo-comunidade, territorio-identidade. Atopamos na súa traxectoria unha profunda pegada en intervencións relacionadas co feminismo ou de memoria etnográfica e histórica.**

# MARCIA VÁZQUEZ



 @marcia\_vr

 vimeo.com/marciavr

 marciavr94@gmail.com

 664811644